


## O Gótico no Norte da Província de Lugo



Mondoñedo - Catedral



Viveiro - San Francisco





en dúbida que a provincia de Lugo sorprende a propios e estranos pola súa riqueza paisaxística, monumental e artística. Dentro do apartado monumental, se a arte románica xoga un papel moi importante no noso patrimonio, a arte gótica tamén ten unha considerable relevancia.

O que propoñemos neste traballo é animar ós lectores a facer un percorrido polo Norte da Provincia de Lugo a través da arte gótica. Esa arte que se desenvolveu a partir da segunda metade do século XII e que perdurou ata os comezos do século XVI, xogando un papel trascendental en Galicia as Ordes Mendicantes (Franciscanos e Dominicos) no seu desenvolvemento.

Este percorrido pola arquitectura gótica consta de visitas a varios concellos:

**Concello de Mondoñedo:** Catedral

Mosteiro de Os Picos  
Capela de San Cristóbal  
Capela de San Xoán de Seivane

**Concello de Ribadeo:** Igrexa Parroquial de Santa M.<sup>a</sup> do Campo  
Mosteiro de Santa Clara  
Capela da Atalaia

**Concello de Viveiro:** Igrexa de San Francisco  
Igrexa de Santa María do Campo  
Mosteiro de Valdeflores

**Concello de O Vicedo:** Igrexa de Santa María de Cabanas  
Igrexa de San Pablo de Riobarba

**Concello de Ourense:** Igrexa de San Pantaleón de Cabanas

Como punto de partida tomamos a cidade de Mondoñedo, onde visitamos a Catedral, o mosteiro de Os Picos e as capelas de “San Cristóbal” e de “San Xoán de Seivane”, para proseguir pola estrada N-642 en dirección á costa que nos leva a Ribadeo. Logo tomamos a estrada que nos leva a Viveiro e, a continuación, seguindo pola mesma, chegaremos ata O Vicedo. Por último, collemos rumbo ó interior en dirección a Ourense, final da nosa ruta.

No transcorrer do noso percorrido podemos facer algunhas paradas para contemplar varios exemplos de pintura gótica que están localizados nos seguintes lugares:

**Concello de Ribadeo:** Igrexa de Nosa Señora de A Ponte (Arante)

**Concello de Foz:** Igrexa de San Martiño de Mondoñedo


**Concello de Alfoz:** Igrexa de San Salvador de Castro de Ouro

**Concello de O Valadouro:** Capela de Santa Filomena do Cadramón

**Concello de Burela:** Igrexa de Vila do Medio.



# Mondoñedo



Catedral -interior-

## Catedral

A Catedral ten un gótico moi próximo ó canon cisterciense. As obras de revestimento, a xirola e as dependencias do Pazo Episcopal fixeron desaparecer totalmente toda a forma primitiva gótica do edificio, anque no século XX se realizaron importantes restauracións.

Comezou a súa construción no ano 1219, sendo consagrada o 19 de Outubro de 1248. En 1225 algunhas partes xa estaban abertas ó culto.

Na fachada principal consérvase a primitiva portada, o rosetón e os tres grandes arcos oxivais. As dúas torres teñen tres corpos e están rematadas en cúpulas. No centro

da fachada, sobre a porta principal, apréciase o rosetón gótico (s. XIII, posiblemente ampliado no s. XV). No centro da fachada e na súa parte alta ten unha imaxe de pedra da Virxe e na coroaición outra, tamén de pedra, do Bispo San Rosendo. Nos arcos laterais hai dous ventanais rectangulares e dous relevos, un representa a San Xerome e o outro a San Lourenzo.

No lado esquerdo do edificio están adosadas a sacristía e outras dependencias. O claustro e o Pazo Episcopal encóntranse no lado dereito. As fachadas e as torres son do século XVIII.

A súa porta principal é de forma románica de dúas arquivoltas e seis columnas. Á dereita ten capitel con dúas bichas, outro con piña e follas estilizadas, e outro con fermosa representación do lavatorio dos pés na Derradeira Cea. Á esquerda pódense ver capiteis vexetais e un deles con dúas bichas aladas.

No seu interior vese como empeza a cabeceira en estilo románico e, pouco a pouco, vaise tornando oxival segundo se constrúen as naves. Os arcos apuntados albergan bóvedas de crucería e uns arbotantes están ocultos baixo cuberta. Os seus fortes muros aínda recordan o románico.

A Catedral ten planta de cruz latina e consta de tres naves, cruceiro, capela maior, xirola de forma rectangular e claustro (renacentista). Dentro do mesmo claustro ten sala capitular e biblioteca.

Na capela maior pode contemplarse un retablo de estilo rococó de dous corpos. Ten fermosas tallas de San Rosendo, San Martín Dumense, O Salvador e un grupo escultórico da Asunción da Virxe, Titular da Catedral.

A maior parte da sillería do coro é de estilo gótico flamíxero (século XV).

No interior do templo, no medio da nave principal, debaixo dos órganos, pódense contemplar unhas pinturas murais, da época medieval, que representan a "Degolación dos Inocentes" e outras relativas á "vida de San Pedro".

A xirola consta de catro capelas, nunha delas pode verse a "Virxe Nena", escultura inglesa do século XV. Tamén se pode contemplar, nunha capela da nave lateral dereita, a talla da "Virxe Inglesa", traída da Catedral de Londres cando Enrique VIII perseguiu ós católicos. É esta unha obra do gótico tudoriano.

Especial atención merece a visita ó Museo Diocesano, con varias salas e variedade de obras, moitas delas góticas: pinturas, esculturas, ourivería, pergamiños, marfís, etc.

A Catedral foi declarada Monumento Nacional.



## Mosteiro dos Picos

A súa fundación data do ano 1378. Pertenceu ós Religiosos Terciarios Franciscanos. Estivo habitado ata o ano 1964 en que o abandonaron os Religiosos Pasionistas. Na actualidade está deshabitado e prevese a súa restauración.

A Igrexa consta dunha nave en tres tramos cubertos de nervatura gótica e cúpula con lanterna, na que hai varias pinturas.

A fachada principal é barroca cunha fornela para a imaxe en pedra de San Francisco de Asís. A torre consta de dous corpos.

O presbiterio ten un retablo maior que data do s. XVIII, salomónico, con imaxes dos s. XVII e XVIII. No muro dereito hai un retablo moderno e no esquerdo un retablo barroco, salomónico, dun só corpo.

O claustro ten forma rectangular (s. XVII) con dous pisos. No piso baixo ten arcos e no alto ventás.

## Capela de San Cristóbal

Está situada cerca do Mosteiro dos Picos. A súa factura medieval presenta ábsida hemihexagonal, iluminada por un pequeno rosetón que debuxa unha cruz con círculos calados, e nave única, máis ancha que a capela maior. Na fachada occidental ábrese un pórtico.

É difícil datar a súa cronoloxía, aínda que a súa construción pode oscilar entre os s. XIII - XV, con reformas posteriores. Ten parte da nave, arco triunfal e capela maior poligonal con sinxelos canciños góticos. No presbiterio hai un retablo maior neoclásico. No muro dereito ten un retablo do s. XVII, renacentista, popular, de dous corpos. No seu interior gárdanse varias imaxes dos s. XVI, XVII e XVIII.

Diversos motivos levan a pensar na súa orixe relacionada coa peregrinación, xa que está situada moi preto do Camiño Norte de Santiago.

## Capela de San Juan de Seivane

Está situada no barrio de Seivane. A súa construción data do s. XV, pero ten reformas posteriores. É de planta rectangular, con cabeceira cuadrangular de menor anchura que a nave. A nave ten un arco triunfal oxival. No presbiterio ten un retablo de estilo renacentista popular, do s. XVII, e garda un relevo da Visitación (s. XVI), procedente da Catedral de Mondoñedo.



# Ribadeo



Igrexa de Sta. María -interior-

## Igrexa de Santa María do Campo

O templo consta dunha gran nave central cuberta de bóveda sinxela de nervios apoiados en ménsulas, brazos do cruceiro cubertos con bóveda semellante, capela maior, dúas capelas absidais, dúas abertas no cruceiro e capelas na parte esquerda e dereita.

A portada principal é gótica, do s. XIV. Ten catro columnas e capiteis de decoración vexetal. Na parte superior ten un gran ventanal da mesma época con decoración de puntas de diamante e dúas columniñas cos seus capiteis de decoración vexetal. A torre é de estilo neogótico.

No lado esquerdo hai unha portada gótica moi semellante á principal, do s. XIV, con decoración angular e vexetal nos capiteis das súas columnas.

No seu interior, o arco triunfal apóiase en dúas pilastras cos seus capiteis de decoración historiada e elementos vexetais. Ten forma oxival. Os nervios da capela maior apóianse en columniñas e os seus capiteis levan figuras, aparecendo o fuste dividido en tres partes por cabezas humanas.

Nas paredes do presbiterio ábrense dous arcosolios, o do lado dereito ten arco oxival e oito escudos por banda.

A primeira das capelas do lado esquerdo ten bóveda antiga oxival de cinco claves e a seguinte, bóveda barroca.

Na á dereita do cruceiro hai un arco semicircular con decoración isabelina de bolas do s. XV. Este arco deu paso á Sala Capitular antiga, peza cadrada cuberta de cúpula de media laranxa con catro pechinas e lanterna. Ten cinco arcos. A arquería é de estilo románico de supervivencia rexional.

O presbiterio ten un retablo maior de estilo barroco, s. XVIII, con varias tallas.

A capela absidal dereita ten un retablo neogótico, un retablo rococó dun só corpo (no centro) e un retablo neoclásico (muro esquerdo).

Na capela do extremo do brazo dereito do cruceiro hai seis sitios do antigo coro da comunidade franciscana de estilo rococó, sinxelos.

A capela do extremo do brazo esquerdo do cruceiro ten un retablo barroco do s. XVIII, de dous corpos, con varias tallas

No interior do templo hai tres grandes lenzos do s. XVIII e varios escudos.

## Mosteiro de Santa Clara

As orixes deste mosteiro aparecen bastante confusas, aínda que algúns documentos dan información do establecemento das clarisas a comezos do s. XIV.

O conxunto do edificio forma un gran rectángulo cun claustro no centro. Un dos lados ocupao case integramente o coro e a igrexa.

A igrexa consta dunha nave cuberta con artesanado, arco triunfal oxival, presbiterio de tramo cadrado cuberto con bóvedas de nervios con cinco claves, terceletes e ligaduras, e un semiexágono tamén coa súa bóveda de nervios (s. XV). Case todos os retablos e imaxes son modernos.

A sillería do coro baixo é do s. XIX. Nos muros hai varias imaxes de diferentes séculos: XV, XVI, XVII e XVIII.

O claustro data do s. XVIII. Trátase dun cadrado con arcos de medio punto no primeiro piso con sinxelo artesanado e arcos abertos no segundo piso. No terceiro ten en dúas ás arcos abertos con balaustrada de madeira e, nas outras dúas ás ventás de celas.

A Sala Capitular ten varios lenzos, un camarín de estilo rococó e varias imaxes.

Na Sala do Noviciado hai varios cadros e unha talla de gran Cristo gótico, do s. XV.

Outras dependencias do recinto teñen imaxes, cadros e diversos obxectos de distintas épocas.

Na actualidade, o edificio está habitado por unha comunidade de relixiosas, gozando de moita sona a súa repostería.



## Capela da Atalaia ("de la Trinidad")

Situada nun fermoso lugar, esta capela serviu de moita utilidade para as xentes do mar xa que servía de guía e enfilación na entrada do porto. É o templo máis antigo de Ribadeo. Sufriu varias reformas no transcorrer dos séculos.

A porta principal é gótica, s. XIV, con decoración en zigzag. Consta de nave, arco triunfal e presbiterio. A espadaña e dun só van.

Xunto á porta ten unha pia de auga bendita semiesférica, montada sobre columna gótica.

O retablo procede da antiga Colexiata. É de estilo barroco, de dous corpos, con columnas salomónicas e estípites.

Na parte dereita ten un retablo barroco do s. XVIII, dun só corpo e dúas columnas salomónicas.

No seu interior gárdanse varias imaxes de diferentes séculos, entre elas hai unha da Santísima Trindade, S. XVI, e unha Virxe dos Remedios, tamén do S. XVI.



Capela da Atalaia

## Santuario de Nosa Sra. da Ponte (Arante)

(Pintura gótica)

Coñecido tamén por "Santuario da Virxe das Virtudes", está situado na Parroquia de Arante. Neste lugar celébrase a "Romaría e Festa das Cruces" o luns de Pentecoste, coa asistencia das Cruces Procesionais das sete parroquias colindantes.

Trátase dunha construción gótica, aínda que sen determinar.

Ten presbiterio e nave rectangular. O seu arco triunfal é apuntado e ten tres portas cubertas por arco de medio punto. Unhas ménsulas existentes na Capela Maior remiten ó estilo isabelino. Nunha restauración recente aumentouse a súa altura.

No seu interior destacan pinturas, que se dividen en dúas alturas e se segmentan en escenas rectangulares. Representan a "Fuxida a Exipto", na parte máis próxima ó arco triunfal e a "Matanza dos Inocentes".


É moi pouco o que se ve da parte alta.

Estas pinturas están datadas na primeira metade do s. XVI.



Arante -pinturas-

# Viveira



Igrexa de Santa María

## Igrexa de Sta. María do Campo

Aínda que é unha edificación románica, ten vestixios góticos.

É a igrexa principal e máis antiga de Viveiro. Trátase dunha obra do s. XII, restaurada nos anos 1946-47.

A súa construción é de planta basilical de tres naves, separadas por columnas que non teñen capiteis, e unha soa ábsida.

No seu exterior conserva a pureza románica nas sinxelas portadas, de arquivoltas de medio punto sobre columnas acodilladas.

Na fachada ten unha portada organizada con grandes arquivoltas tóricas soportadas por seis columnas acodilladas de fustes monolíticos, basas áticas e capiteis historiadados e vexetais. Sobre o tornachoivas, sostido por "canecillos", desprégase o moderno rosetón occidental. As torres das campás e do reloxo son barrocas, rematadas en cúpula.



A ábsida está articulada en cinco panos, divididos por columnas. Ten no seu beiril "canecillos historiados" e ofrece luz ó altar por medio de tres ventás abocinadas, decoradas con arquivoltas tóricas de medio punto, con finas columnas acodilladas e capiteis vexetais.

Dentro do templo encóntranse as capelas de San Gregorio e da Virxe do Rosario.

A de San Gregorio ("Capela dos Gaimonde") data do s. XV. É de estilo oxival con bóveda de sinxelos nervios de pequena roseta na clave e rosetón no muro do fondo. Neste muro ten dous arcosolios de arcos oxivais coas súas estatuas xacentes con espada e rosario e escudo abaixo.

A capela da Virxe do Rosario data do s. XVIII. No tímpano interior da portada esquerda pode apreciarse un grupo escultórico da "Piedade" de finais do s. XVI, procedente do interior da Porta das Angustias da muralla. Tamén ten unha pia bautismal románica con base de época posterior.

Esta igrexa garda unhas tallas interesantes dos séculos XVII e XVIII.

## Mosteiro de Valdeflores

Pola documentación existente sábese que no ano 1406 xa existía o convento, fundado, quizais, ó final do século XIV.

A igrexa de Valdeflores foi construída entre finais do s. XIV e principios do s. XV, sendo reformada no s. XVIII e restaurada recentemente. A portada é oxival con adornos románicos. Dúas columnas por xamba, con capiteis de follas, sosteñen as arquivoltas, con once arquiños a máis interna. O entrearco van é trobolado. Sobre a portada hai unha fornela cunha escultura de Santo Domingo, que procede do derruído convento de dominicos de Viveiro.

O templo consta dunha soa nave con artesonado de madeira e paredes de mampostería. Posúe algúns restos de pintura mural.

No presbiterio pode verse un retablo moderno que ten tres baixorrelevos alusivos á aparición da Virxe de Valdeflores. Unha fermosa imaxe da Virxe ocupa o camarín central, podendo apreciarse tamén varias figuras de santos dominicos baixo doseletes.

Este mosteiro conta na actualidade cunha comunidade de relixiosas dominicas, tendo sona en toda a comarca a súa rica repostería.



Mosteiro de Valdeflores -portada iglesia-



# Igrexa e Convento de San Francisco

Esta obra franciscana data do s. XIII e, actualmente, é recoñecida como Monumento Nacional.

A igrexa (s. XIV) é un edificio de estrutura oxival con detalles románicos. Desde o exterior vemos unha escalinata de balaustrada de pedra que dá acceso á fachada principal. A portada gótica ten dúas columnas por xamba e arquivoltas lixeiramente apuntadas. Os lados hai dous arcos de oxiva máis pronunciada, adornados con grecas románicas. Estes arcosolios son restos das que foron capelas de San Luís e de San Xoán. Sobre a porta principal ten unha ventá de estilo máis moderno (S. XVII). O frontispicio está coroadado por unha pequena cruz grega.

Nas esquinas da fachada vense uns sinxelos contrafortes e no lateral dereito está situada a torre-campanario, cuadrangular, levantada no s. XVII.

A planta da igrexa é de cruz latina e a bóveda da nave principal é de medio canón, con pilastras e arcos de cantería. A cúpula que se alza sobre o cruceiro ten dous pequenos ollos de boi. Dous arcos oxivais apoiados en columnas xemelgas abren os brazos do cruceiro, que se cobre con sinxelo artesonado. O brazo esquerdo ten un pequeno rosetón e unha ventá aximezada oxival que dá á segunda planta do claustro. Neste brazo ábreanse arcos oxivais de entrada ó claustro e sacristía.

No brazo dereito vese unha ventá aximezada e dous arcosolios góticos con sepulcros e tres escudos cada un.

A ábsida é pentagonal, reforzada no exterior con estribos colocados nas aristas. É de estilo oxival do século XIV, restaurada a partir de 1965. Os 5 ventanais son aximazados e exteriormente, nos esquinais, ten contrafortes. Cúbrese cunha bóveda oxival de lunetos sobre nervios. Xunto ca ábsida de San Francisco de Pontevedra, ésta de Viveiro está considerada como a máis esvelta e grandiosa do gótico conventual galego.

No muro esquerdo da capela maior ten unha porta oxival, tapiada, con figuras de animais nas súas dovelas, e nun dos lados da ábsida hai un pequeno nicho con arco tribolado.

No muro dereito da nave encóntrase a Capela de San Ildefonso (s. XIV). Ten entrada de arco oxival sostido por columnas xemelgadas con capiteis de tipo vexetal. A bóveda é de crucería e ten capiteis de ani-

mais fantásticos. Ó fondo ten un sepulcro oxival. Ten un retablo de estilo do Renacemento cunha escultura de San Ildefonso no piso baixo, repintado e con restos do seu primitivo estofado, do s. XIV.

A Capela da "Orde Terceira de San Francisco" está situada entre as capelas de San Antonio e San Ildefonso. Na porta ten un relevo con símbolos franciscanos. No seu interior pode verse un "Ecce Homo" do s. XVII, repintado, que se coñece co nome de "Cristo dos Franceses".

No brazo esquerdo do cruceiro poden verse tres arcosolios no muro lateral e outro arcosolio sinxelo con arco oxival no outro muro.

O sepulcro da beata Constanza de Castro está situado no muro esquerdo da nave. Ten catro escudos familiares e restos de inscrición antiga e outra inscrición moderna. No mesmo muro hai outro arcosolio gótico.

O sepulcro de Nicomedes Pastor Díaz está situado no muro dereito da nave.

Na sacristía gárdanse xoias, imaxes, relicario e ornamentos de gran valor.


O convento de San Francisco está adosado ó costado Norte da igrexa. Do antigo claustro consérvanse dous arcos e unha porta con columnas xeminadas e capiteis vexetais, que pertenceron ó claustro románico. O convento actual construíuse no último tercio do s. XVIII.

Ten forma rectangular con claustro e un patio no seu interior. Consta de dous pisos, con arcos de medio punto na planta baixa e pilastras no primeiro piso. Poden verse as galerías do piso baixo con restos de pavimento de cantos e cuberta de artesonado con modillóns.



En comunicación co templo ten unha porta gótica de arco trebolado. A primitiva porta de acceso á sacristía tamén é gótica.

Na actualidade, as dependencias do claustro albergan varias estancias ocupadas por diversos organismos públicos, así como tamén as dependencias de distintas confradías de Semana Santa da cidade. Moitos dos seus pasos fan desde esta igrexa as súas saídas procesionais.



Igrexa de San Francisco

## Igrexa de Sta. María de Magazos

Esta igrexa ten restos dunha sinxela construción gótica do século XV, reformada posteriormente. Pode apreciarse un óculo coa estrela de Salomón, labrada dunha soa peza; e, na ábsida, un ventanal con dous arquiños trilobulados separados por mainel central sobre o que campea o óculo tetrafolio.

A fachada principal é de principios do século XX reformada recentemente. O templo consta dunha nave, arco triunfal de medio punto, presbiterio, dúas sacristías e capelas laterais.

No seu interior consérvanse varias lápidas de pedra, séculos XVI e XVII, imaxes de diferentes épocas e varios obxectos litúrxicos de interese.

# O Vicedo


## Igrexa de Santa María de Cabanas

A igrexa consta dunha nave, capela maior, sacristía, torre e dous pórticos. A portada principal, gótica, ten dúas arquivoltas, de ramaxe a interior e con puntas de cravo a exterior, que enmarcan un tímpano no que figura un escudo dos Andrade sostido por dous paxes. Descargan sobre imposta saínte cun par de columnas acodilladas por cada lado de capiteis de follas carnosas e alto retallo. Sobre a portada resaltan uns modillóns lisos.

Nun ángulo do aleiro da nave pode verse un xabarán de granito cunha cruz lobulada.

O teito é de madeira a dúas augas. Tamén poden verse “canecillos” xeométricos e con cabezas, dúas saeteras por cada costado e catro escudetes nos muros interiores, dous por cada lado, con emblema dos Andrade. No exterior do muro norte pode apreciarse outro escudo.

No seu interior garda unha pía bautismal de granito, con sogueado e relevos de época oxival.



Igrexa de Santa María de Cabanas

## Igrexa de San Pablo de Riobarba

Esta igrexa, de estilo oxival, data de finais do s. XIV ou principios do s. XV. O pórtico e o alpendre lateral son moi posteriores. A nave é rectangular con teito de madeira a dúas augas.


Na porta principal poden verse dúas arquivoltas e ornamentación de aletóns na parte interior e guarnición de cabezas de cravo. O tímpano é apuntado co escudo dos Andrade no centro e ós lados ten un xabarán e un lebre. Hai un par de columnas acodilladas por cada lado con capiteis de follas e animais fantásticos en actitudes retorcidas.

O arco da porta lateral colocouse na sacristía en reformas posteriores.

Nos ángulos superiores da fachada do pórtico poden verse un cordeiro coa cruz lobulada e un xabarán.

Na fronte ten unha fornela cunha escultura pétreo de San Paulo e remata cunha espadana de dous vans e unha cruz de pedra na parte superior.

No presbiterio consérvanse restos de pinturas murais do s. XV coa figura de San Paulo.



Igrexa de San Pablo de Riobarba



# Ouro

## Igrexa de San Pantaleón de Cabanas

Igrexa de estilo oxival de finais do s. XIV ou principios do s. XV, reformada no s. XVIII.

O edificio ten unha nave a dúas augas e a cuberta é de madeira, conservando algún ventanal primitivo. A capela maior é a catro augas e o arco triunfal é de medio punto.

No lateral dereito hai unha porta cun lintel redondeado no que se ve un xabarín e un lebrei.

A portada principal ten unha arquivolta de arquiños lobulados. Nas pechinas aparecen sucesivamente un xabarín e un lebrei. As columnas, acodilladas, teñen uns capiteis de tallos e basa lixeiramente alzada. Dentro desta portada hai outra máis reducida con arco trilobulado e moldura que a perfila en toda a súa extensión.

Sobre a porta principal hai dous anxos que sosteñen unha inscrición de difícil descrición.

Incrustada na parte frontal do pórtico pode verse a torre que remata en balaustrada de granito con óculo redondo na car a occidental e porta no fronte meridional. O corpo das campás ten planta cadrada con catro vans de arco circular e cornixa coroadada de acroterios. A parte final ten un fragmento poligonal con catro vans rematado en cúpula.



Igrexa de San Pantaleón de Cabanas

## Igrexa de San Martiño de Mondoñedo

Está situada a 5 Kms. da capitalidade municipal. A súa construción data de finais do s. XI e principios do s. XII. Antes do edificio actual houbo outro prerrománico.

O templo consta de tres naves con cruceiro e tres ábsidas semicirculares que tiveron que ser reforzadas pola parte exterior no s. XIX con pesados contrafortes. Na súa fachada principal, á dereita, ten unha torre dun só corpo cunha ventá gótica á que lle falta o parteluz.

Na súa decoración exterior podemos apreciar os “canecillos” labrados con debuxos vexetais, figuras de animais e xeométricas e outros con curva de nacela de influencia árabe.

No seu interior hai unha rica decoración escultórica. Son de destacar os capiteis do cruceiro con representacións da “Degolación de San Xoán Bautista” ou do “Rico Epulón”.

As pinturas murais están situadas na ábsida dereita e no muro contiguo do cruceiro. Son pinturas superpostas dos séculos XIV, XV e XVI. Podemos ver esceas da vida de Cristo (“Epifanía”), dúas parábolas (“o pobre Lázaro” e “o Bo Samaritano”), “Santa Bárbara”, “San Francisco” e outras pinturas. No centro da ábsida, na cúpula, tamén hai unhas pinturas, pero son dunha época posterior.

Presidindo a capela maior é de destacar o antependio, único no seu xénero, formado por dúas pezas perfectamente unidas

Na nave lateral dereita pódese contemplar o sepulcro de San Gonzalo. Pasando unha porta deste lateral entramos nunha estancia onde hai un pequeno museo.

Foz



Igrexa de San Martiño de Mondoñedo



# Alfoz

## Igrexa de San Salvador de Castro de Ouro

Está situada no centro dun castro, ó lado da Torre Fortaleza de Pardo de Cela. Foi a capela do castelo, convertida máis tarde en Igrexa Parroquial. Data do s. XV, aínda que tivo varias reformas.

Consta de nave cuberta de madeira, arco triunfal de medio punto, capela maior cadrada e cuberta ás catro augas.

A fachada principal ten arco adintelado e espadana de dous corpos e tres vans. No muro dereito, encima da porta lateral ten unha lápida gótica do s. XV. con figuras de Cristo, a Virxe, San Xoán e dous anxos.

A capela maior ten un ventanal de fin do s. XV recentemente restaurado. Na parede oriental da ábsida (frontis) hai un fresco da "Piedade" do s. XV coas figuras laterais de "San Xoán" e a "Magdalena". Ó lado pode verse unha imaxe de San Salvador, do s. XVI.

A nave ten dous retablos de estilo rococó de dous corpos. No interior do templo poden verse varias imaxes e pinturas de diferentes épocas.



Igrexa de San Salvador de Castro de Ouro -interior-

## Capela de Sta. Filomena do Cadramón

Esta capela está situada a uns 13 kms. da capitalidade municipal, na beira esquerda da estrada que leva a Abadín.

Data do século XII. Ata o século XIX foi igrexa parroquial. Do primitivo edificio, que constaba de nave, arco triunfal e presbiterio, só subsiste o presbiterio. O arco triunfal cerrouse. Pódese reconstruír o perímetro do templo primitivo polos restos de muro que se aprecian no lugar.

O presbiterio, a única parte subsistente, ten os seus muros de pedra labrada e sete "canecillos", dos que dous levan figuras humanas.

Sobre o que foi arco triunfal hai unha pequena espadana dun só van con campá.

No seu interior pódense apreciar, no muro esquerdo, restos de pintura gótica do s. XV. Estas pinturas fan referencia ó "Nacemento de Cristo".

Na capela gárdanse varias imaxes populares, entre elas a de Santa Filomena.

Hoxe en día esta capela está pechada ó culto.

# O Valadouro



Capela de Santa Filomena do Cadramón



# Burela

## Igrexa de Vila do Medio

Está situada no barrio do mesmo nome. No seu exterior ten un adro no que quedan catro cruces de pedra do antigo Vía Crucis. Estivo abandonada durante varias décadas, pero desde hai uns anos foi restaurada e aberta ó culto.


A parte máis antiga do templo é o muro dereito da nave maior. No s. XVI queimouse o edificio e no s. XVII abríuse a nave lateral. A fachada principal e o campanario datan do s. XVIII.

O templo consta de: nave central con arco triunfal e capela maior, nave lateral -no lado esquerdo-, separada da nave principal por dous arcos de medio punto, e sacristía. A cuberta é de madeira.

A fachada principal ten arco adintelado e ventá encima e na parte superior vese a espadana de dous corpos e tres vans.

No seu interior pódense apreciar unhas pinturas murais do s. XVI -gótico tardío-. As citadas pinturas representan a "Flaxelación e a Sepultura de Xesús", e escenas da "Resurrección" e do "Prendemento de Cristo". As representacións estaban separadas por franxas con motivos xeométricos, vexetais e con lendas.

En dúas trabes do maderamen do teito da capela maior hai dúas inscricións refundidas (s. XVIII).



Igrexa de Vila do Medio -interior-

